

LINGUA GALEGA 1

Le atentamente este texto sobre curiosidades sobre os animais. É moi interesante.

Despois contesta as preguntas sobre o que acabas de ler.

Os campións do mundo animal



O guepardo é o animal terrestre que corre máis de presa: pode chegar a 100 km por hora! Imaxínelo botando unha carreira cun coche?

O animal mariño máis rápido é o peixe vela. Ningún outro animal lle gaña nadando.



A tartaruga xigante non gañaría ningunha carreira, seguro, pero ten outra marca: é o animal terrestre que vive máis tempo. Arredor de 200 anos!

Se buscamos o animal máis alto, é a xirafa, que mide uns 6 metros. Pode chegar sen problemas á copa das árbores máis altas, e iso é unha sorte, porque así non ten que competir con outros animais pola comida.



Na terra, o elefante é o animal máis grande. Pesa 12 toneladas, o mesmo ca un camión pequeno.

Pero á hora de buscar o máis grande de todos os animais do mundo, temos que ir ao mar. Porque ningún outro pode gañarlle á balea azul, que mide 32 metros e pesa 190 toneladas. Ela é a supercampioa!



1 Pensa e completa.



Dicimos que un animal...

- é terrestre porque vive .
- é mariño porque .

2 Explica en que gaña cada animal.

Na terra:



- O guepardo é o que .
- A tartaruga xigante é a que .
- A xirafa é .
- O elefante é .

No mar:



- O peixe vela .
- A balea azul .

3 Completa coas palabras propostas.

carreira

animal

caracol

último

baldosa

O é un
moi lento. Tardaría moito en percorrer
unha do chan. Pero sería
o campión nunha cousa: nunha
para ver quen chega o !



COMPROBA o que fixeches:

1 Pensa e completa.




Dicimos que un animal...

- é terrestre porque vive na terra.
- é mariño porque vive no mar.

2 Explica en que gaña cada animal.

Na terra:



- O guepardo é o que corre máis de presa.
- A tartaruga xigante é a que vixe máis tempo.
- A xirafa é a máis alta.
- O elefante é o máis grande.

No mar:



- O peixe vela é o máis rápido.
- A balea azul é o máis grande.

3 Completa coas palabras propostas.

carreira

animal

caracol

último

baldosa

O caracol é un animal moi lento. Tardaría moito en percorrer unha baldosa do chan. Pero sería o campión nunha cousa: nunha carreira para ver quen chega o último.



LINGUA GALEGA 2

Deixamos aquí un RETO. Mira o esquema e escribe un conto escollendo as personaxes e seguindo os pasos que se indican.

Cando remates o conto pídelle a mamá ou a papá que faga unha foto e a envías. ÁNIMO!!!! Queremos ler os teus contos.

1 Elixe un protagonista para o teu conto.



Unha eiruga que
quere facer un casulo
para vivir, pero non
ten seda abonda.



Un mosquito
que quere comer,
pero non quere
picar a ninguén.

2 Elixe outro animalíño que lle axude ao teu personaxe.

Unha araña que tece moi ben.



Un vagalume que vive só.



Unha abella que fai mel.



Unha formiga que leva migas.

3 Escribe o conto cos personaxes que elixiches e seguindo as indicacións.

Título

Que problema
tiña o
protagonista?

Isto era que quería

Quen o axudou?
Como o fixo?

Daquela,

Como acabou
todo?

Ao final,

LINGUA GALEGA 3

Deixamos actividades para que xogues coa lingua. Disfruta con estes xogos que son divertidos.

1 Fai cadeas de palabras coma no exemplo.

FAROL	LÚA	ALLO	OURO
AUGA	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
COR	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
RAPAZ	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2 Resolve estas adiviñas sobre insectos.

Cando son verme fago a casa e dentro dela vou cambiando; medro e sáenme as ás, coas que voo libre polo campo!



Ti sabes dicir que insecto pode alumar na escuridade cunha lámpada traseira sen usar a electricidade?



É encarnada e redondiña, con puntiños negros pintados. Parece que abre as costas e no momento sae voando.



Teño unha boa trompeta e de noite fágoa soar; cando a oen os que dormen da cama queren marchar.



Estas son as solución das adiviñas:

2 Resolve estas adiviñas sobre insectos.

Cando son verme fago a casa e dentro dela vou cambiando; medro e saíño as ás, coas que voo libre polo campo!

BOLBORETA



Ti sabes dicir que insecto pode alumiar na escuridade cunha lámpada traseira sen usar a electricidade?

VAGALUME



É encarnada e redondiña, con puntiños negros pintados. Parece que abre as costas e no momento sae voando.

XOANIÑA



Teño unha boa trompeta e de noite fágoa soar; cando a oen os que dormen da cama queren marchar.

MOSQUITO



LINGUA GALEGA 4

A primeira visita

O outro día a avoa contoume a primeira vez que a levaran de visita á cidade. Tiña máis ou menos a miña idade e non saíra nunca da súa aldea. Unha aldea tan pequena que só había unhas dez casas! Chantada na beirarrúa, máis mareada ca unha buxaina, miraba para a dereita e para a esquerda sen descanso e chea de medo. Non vira nunca na vida tanta xente, tantos coches, tantas motos... E tanto, tanto ruído!

Cando o semáforo se puxo verde, a coitada non se atrevía a moverse. Por máis que os pais a animaban a cruzar, asegurándolle que non debía ter medo de nada, non se animaba. Choromicando, dicía que soamente quería volver para a aldea... Pero de súpeto, abriu uns ollos coma pratos e deu un berro de alegría. Estirando os brazos, cruzou a avenida cos ollos acesos e cun sorriso grande nos labios.

Que cres que vira no outro lado? Nin máis nin menos ca o escaparate dunha enorme tenda de xoguetes!



1 Pinta a oración que explica o sentido da lectura.

Unha rapaza foi á cidade e cóntallo a súa avoa.

Un rapaz ou unha rapaza explica o que súa avoa lle contou sobre a primeira vez que foi á cidade.

Un rapaz foi de visita á cidade coa súa avoa.



2 Onde vivía a avoa de pequena? Marca o plano correcto.



3 Quen o di? Relaciona.

Non debes ter medo de nada.

Soamente quero volver á aldea!



4 Como estaba a rapaza en cada momento? Escribe o número que corresponda.

1 máis mareada ca unha buxaina

2 cuns ollos coma pratos

3 chantada na beirarrúa



5 Que viu a rapaza no outro lado da avenida? Explica e debuxa.



COMPROBA como o fixeches:

1 Pinta a oración que explica o sentido da lectura.

Unha rapaza foi á cidade e cóntallo a súa avoa.

Un rapaz ou unha rapaza explica o que súa avoa lle contou sobre a primeira vez que foi á cidade.

Un rapaz foi de visita á cidade coa súa avoa.




2 Onde vivía a avoa de pequena? Marca o plano correcto.



3 Quen o di? Relaciona.

Non debes ter medo de nada.

Soamente quero volver á aldea!



4 Como estaba a rapaza en cada momento? Escribe o número que corresponda.

1 máis mareada
ca unha buxaina

2 cuns ollos
coma pratos

3 chantada
na beirarrúa



5 Que viu a rapaza no outro lado da avenida? Explica e debuxa.

Viu unha tenda de xoguetes.

